



O Plan de Apoio á Alimentación Infantil comezará a prestarse a mediados de xullo

Os interesados deberán inscribirse entre o 2 e o 14 de xullo

Vilagarcía de Arousa, 30 de xuño de 2014.- O Concello de Vilagarcía porá en marcha a mediados de xullo o Plan de Apoio á Alimentación Infantil. A iniciativa deseñada pola Concellería de Servizos Sociais ten como obxectivo garantir a correcta alimentación dos nenos e nenas de familias con dificultades económicas durante os meses nos que non funcionan os comedores escolares. No Pleno desta tarde abordárase unha modificación de crédito coa que habilitar unha partida de 10.000 euros destinada a financiar este programa.

O Plan de Apoio Á Alimentación Infantil elaborado polos Servizos Sociais do Concello prestarase en dúas modalidades: mediante un servizo de menús a domicilio ou a través do incremento de axudas económicas para alimentación infantil. En ámbolos dous casos, a medida será efectiva para os meses de xullo e agosto, dado que os comedores escolares volven a funcionar en setembro e as axudas alimenticias que ofrece o Concello de forma habitual están operativas todo o ano.

Os menús serán elaborados e entregados a domicilio pola empresa de catering “Culinaria”, a mesma coa que traballan varios comedores escolares do municipio. Os menús constarán de dous pratos e sobremesa e serán receitas equilibradas para garantir as necesidades alimenticias e nutricionais dos menores. A efectos de preservar a intimidade e privacidade das familias beneficiarias deste servizo, os menús entregaranse dous veces por semana en camionetas sen rotular pero perfectamente equipadas para o transporte e conservación dos alimentos. Os menús xa están elaborados, polo que as familias só terán que quentalos. O persoal que realizará o reparto tamén está facultado para avaliar se as familias conservan e tratan axeitadamente os menús e que estes sexan destinados exclusivamente aos menores. De detectarse calquera incumprimento, Servizos Sociais abriría expediente á familia.

A outra modalidade de axuda está especialmente destinada a aquelas familias xa usuarias dos Servizos Sociais do Concello ao longo do ano e que co peche dos comedores escolares



durante as vacacións de verán se atopan coa dificultade engadida da manutención dos seus fillos. Neste caso o Plan de Apoio á Alimentación Infantil aplicarase incrementando nun 60% a axuda alimenticia que da O Concello a efectos de que destinen estes cartos aos menús dos cativos.

Dende Servizos Sociais calculan que, en total, poidan chegar a ser 80 o número de familias que precisen do Plan de Apoio á Alimentación Infantil durante os meses de xullo e agosto, a maioría das cales xa son beneficiarias de axudas municipais. As persoas que desexen acceder a este programa deberán inscribirse nas dependencias de Servizos Sociais entre o 2 e o 12 de xullo, xa que a idea é que o plan comece a funcionar a mediados de mes. Si xa son usuarios dos Servizos Sociais, os interesados so deberán presentar a documentación que acredite que os fillos cursaron estudos este ano en Vilagarcía. Os novos usuarios, ademais disto deberán presentar a documentación que se pide para tramitar as axudas alimenticias habituais.